

ASUNTO PLE/2021/00050361A

ACTA NÚM. 17 - SESIÓN EXTRAORDINARIA 23 DE NOVIEMBRE DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:30 horas** do día **23 de novembro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro (presente no salón de sesións)
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez (presente no salón de sesións)
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (presente no salón de sesións)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres (presente no salón de sesións)

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez (presente no salón de sesións)
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández (presente no salón de sesións)

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor do concello.

José Ramón Alonso Fernández, secretario do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro, Don Rubén Prol Mariño.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

Punto único: Obra de consolidación do noiro do Pombal.

Cumpriméntase así:

PUNTO ÚNICO: OBRA DE CONSOLIDACIÓN DO NOIRO DO POMBAL.

Celebrase a presente sesión a solicitude dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego, presentada no rexistro do concello con data 3 de novembro do corrente ano.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Que no prazo de 5 días dende a celebración deste pleno extraordinario, o goberno local reúna aos portavoces dos grupos políticos municipais para explicar o nivel de seguridade e risco do noiro e do propio vial do Pombal na actualidade.
2. Esixir a máxima celeridade nos traballos de consolidación do noiro, tanto da parte pública como privada, e garantir a seguridade na circulación de peóns e vehículos na contorna.
3. Constituír unha comisión de estudo de carácter especial, integrada consonte a un sistema de voto ponderado por dous membros de cada grupo municipal, para que evalúe as causas da excesiva demora e a correspondente situación de risco habida, e esixa, se fose o caso, as responsabilidades oportunas.

Remata a sesión ás 10:00 horas. Dou fe.